



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE XANEIRO DO 2021.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e cinco de xaneiro do dous mil vinte e un, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Diaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 28 DE DECEMBRO DO 2020.


Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando a súa lelicia de que estén todos ben. Di que a cta recolle a misñas alabfas pero non o que dixo o SR. Alcalde, gustaríalle que quedase constancia de exactamente o que dixo, porque isto non é o que pasou.

Sinala o Sr. Alcalde di queas actas se recollen dunha maneira sucinta, se vostede quere que se recolla algo concreto dígallo e se procederá á votación.

Segue D. Jaime Germán Vázquez gustaríalle que quedara claro que el non dixo iso.

Intervén o Sr. Secretario o acta recolle as intervencións sucintas, slavo que se alguén quere se recolla literalmente, incorporar oque di o concelleiro, sería unha modificación sobre a proposta da acta, o que se vota agora é a acta na súa redacción actual.

Sométese a votación do Pleno a acta do pleno de 25 de xaneiro do 2021, aprobándose por maioría con 16 votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal



Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias e un voto en contra do concelleiro de Esperta Monforte, D. Jaime Germán Vázquez.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 22.12.2020 AO 19.01.2021.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 25 de novembro ata o 21 de decembro do 2020.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA ACTUALIZAR O PROTOCOLO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez, Esperta Monforte!, Grupo Mixto, Emilio José Sánchez Iglesias, BNG-Grupo Mixto e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias, BNG-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Instamos ao equipo de goberno

. A actualizar o protocolo de instalacións deportivas para autorizar (mentres así o permita a normativa autonómica) a presenza de deportistas doutras categorías nas gradas do pavillón municipal mentres equipos do mesmo clube desenvolven os seus partidos, sempre respectando as medidas sanitarias.

. A actualizar o protocolo de instalacións deportivas para autorizar (mentres así o permita a normativa autonómica) a presenza de público en caso de haber dispoñibilidade de aforo durante a celebración de competicións oficiais, sempre repetando as medidas sanitarias. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D Jaime German Vázquez dicindo que quere retirar a moción e tamén pregunta, si que terían unha moción “in voce” e unha pregunta.

Contesta o Sr. Alcalde que unha moción “ in voce” non .

4º.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO AO ARRANXO INTEGRAL DA ESTRADA LUP 3202 QUE UNE MONFORTE CON O SAVIÑO.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e dos concelleiros do grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que se inste á Deputación Provincial de Lugo o arranxo inmediato e integral da LU P 3202 Monforte de Lemos- O Saviño, de modo que teñan os mesmos metros de ancho toda a estrada, que se proceda o seus asfalto, a súa pintura horizontal e renovación de sinais verticais e a mellora da súa iluminación no tramo urbano”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura a moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez dando unha mensaxe de ánimo aos veciños de Monforte. Sinala que hai pouco tempo trouxo unha iniciativa sobre o arranxo á altura de Casares na parroquia de Baamorto. Di que todo o que sexa mellorar a rede viaria do noso Concello, sexa a Deputación a Xunta están de acordo aínda que a moción dálle lugar a pequenas dúbidas, di que fala de unir de Monforte e o Saviñao, non sabe se quere dicir parar en Ousende ou toda a estrada. Fala da estrada Monforte-Currelos que enlace coa LU-611, hai que saber se se quere ata o límite do Saviñao ou toda a estrada. No caso de ampliar a estrada toda hai que ecoñecer a orografía e o custo que suporía iso. Di que eles van votar a favor. Ampliar cara a Currelos sería cuestión de debatilo no pleno da Deputación.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que o seu grupo van apoiar todas as iniciativas que sexan beneficiosas para o nosos cidadans, di que salta a vista a cantidade de deficiencias desa estrada, fala do tramo extrarradio, tramo urbano. Fala de sinalizar os pasos de peóns, a iluminación, et. Si que é certo que hai unhas velocidades altas que circulan por elas, Esperta Monforte si quere quere apoiar todo o que sexa bo para a nosa cidadanía. Di que si que é certo que houbo algún que outro atropelo, o que si queren aclarar Esperta Monforte quere apoiar todo o que sexa bo para a cidade.

Intervén D. Ibán Torres celebra a reincorporación dos compañeiros. Vendo a moción di que resulta curioso xa que é algo reiterativo que parece que o PP anda realizando propostas de obras que xa están feitas, e outras que están para executarse. Di que estas mocións están plagadas de descoñecemento, plagadas de mentiras. Esta estrada non ten ningún tramo urbano, a que ten mal iluminación é a rúa Chantada, que é da Xunta de Galicia. Di que hai moitas estradas da Xunta en mal estado, a estrada de vella de Monforte a Escairón. A deputación xa arranxou un tramo de 1,5 km e que será pintada en breve. Actualmetne está contratado outro tramo. Durante o 2021 será contratado de 3,5 km. Fai poucos meses, un equipo do parque móvil da Deputación bacheo esta estrada ata Currelos. Dígalle ao Sr. Feijoo que arranxe a estrada de Currelos Taboada Rubián.

Intervén D^a Katherinie Varela di que na moción non se fala dos límites que estes límites están no Concello de Monforte. Di que todo o que sexa bo para a comarca.

En canto ao Sr. Ibán di que non escoitou a moción, tras ver na prensa o anuncio do arranxo da estrada, por iso traen a moción, di que saben que houbo varios arranxos na estrada. Se consideran que a estrada de Chantada non está suficientemente iluminada traían unha moción ao pleno, e por outra banda, cando din que non é tramo urbano, si ben é certo falou da rúa Valle Inclán, di que é unha estrada da Xunta, tamén é verdade que esta moi mal. Di que agrupación municipal está para velar polos intereses dos monfortinos, Fala de que os sinais non se ven.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que sí que ten un tramo urbano Sr. Torres, o tramo urbano cre que remata na altura do canal do regadío. Di que a rúa Moure Mariño, haberá que ir pensando en arranxala, dotalas de beirarrúas máis cedo que tarde.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que efectivamente eles falaban dese extrarradio pensando no tramo máis urbano, pero si que é certo esas beirarrúas poderíanse facer como mínimo ata a feira. Di que saben cales son as súas prioridades, todo o que sexa



SECRETARIA

mellorar toda esa zona eles van están a favor, se vostedes traen unha moción para instar á Xunta de Galicia di que van apoiala.

Dille ao Sr. Torres de incompetentes di que é momento de deixar esas calificacións e que poden traer unha moción, di que eles cando vostedes non traen ningunha non din nada. Di que o outro día tiñan dúas mocións.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Germán di que agora non altera os turnos senón que fala do pleno pasado.

Cando unha proposta de actuación fala do tramo urbano se está a falar de algo moi concreto, urbanizado, urbanizable, consolidado. Qué entende por solo urbano?. O que xa é o colmo e que falen de que ese extrarradio se refire pensado nese tramo máis urbano.

Vostede pode considerar que é urbano, pero esa non é a realidade.

Intervén D^a Katherinie Varla di que eses arranxos se están producindo, solicitamos que non se fagan parcheados, que non se descoiden como a sinalización vertical, que si tanto se anuncien que se realicen as obras. Di que se entende o que se quere dicir, a rúa que vai dende a Ronda María Emilia Casas ata a rotonda que vai a Lugo. Se vostedes queren rizar o rizo, di que se entende ben o que piden.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo quen di que é casco urbano son as Normas Subsidiarias de Planeamento, o final da rúa Abeledos remata o casco urbano, de aí para enriba é rústico.

Dille a D. Emilio que todo chegará cando fala de mellorar esa estrada. De momento di que van ir mellorar esa estrada dos veciños de Baamorto. Di que eles non poden votar a favor de algo que xa están facendo.

Sometido o asunto a votación a moción presentada, rexeitando por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

5º.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa polo abastecemento da auga para que se inclúan na mesma un cadro de prezos unitarios polas obras e instalacións da acomtidias de rede e así evitar os continuos abusos da empresa Aqualia a poboación de Monforte”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela di que o dereito é moi amplo, sen necesidade de atacar a ninguén no seu ámbito municipal. Di que as Normas de Planeamento son do ano 1984, di que a lei é interpretable.

Continúa dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que esta iniciativa di que van aclarar aínda que se fala da auga o problema e co saneamento, si que é certo a diferenza do



SECRETARIA

orzamento da empresa prvisada e Aqualia, di que é un abuso. Unha cousa é o que se trae a debate, outra cousa é o caso concreto desta persoa.

Di que o contrato hai respectalo, pero dende o Concello hai que buscar a maneira de darlle o saneamento da forma máis rápida a esta persoa. Outra cousa é a modificación da taxas, cuantificar como se farían as taxas, di que é algo máis do contrato de Aqualia e non lle gusta mirar para atrás, que fixo ese contrato a medida, para poñer nesa lista do debe desa empresa que tanto dano está facendo, hai que atender ao contrato pero nunca é tarde para facer esa modificación da ordenanza. Isto non houbera pasado se se tivera un servizo de auga público.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que se se está a falar da modificación da ordenanza , di que é certo naceu mal este contrato, cun montón de problemas para todos os monfortinos, na medida das posibilidades do Concello deberíase intentar xa que é competencia do Concello ceñíndose ao contrato, que estes problemas xurdan o mínimo posible, tamén é certo que hai problemas con edificios de fai moitos anos e que agora queren dar de alta a auga, e teñen problemas.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que él nunca descalifica que el fala do que vostede di D^a Katherinie, di que hai que informarse e documentarse. Vostede se ofende, dicir que a calificación do solo é susceptible de interpretación. Dille que lle consta que é unha soa queixa, di que hai un presuposto de Aqualia e outro dunha empresa externa. Da lectura a informe da enxeñeira técnica do Concello en relación co escrito presentado por D. Manuel Vázquez Otero.

Continúa dicindo ue é ao que se deben ceñir. Cando se prsentan inicitivas deste tipo hai que realizar unha labor de información. Este contrato naceu mal, fala do abuso da empresa Aqualia.

Intervén D^a Katherinie Varela di que a verdade son expertos en terxiversar o que se dí. Dixon un pleno que non se entrara en temas personais. Ela non di que a in terpretación do terreo sexa interpretable. Hai cousas que o son, existe a xurisprudencia. En canto a este tema, todo o que vostede di que é a contetación ao usuario é a contestación que ela preguntou. Vostede di que se debe pensar no interese xeral, di que vamos cumprir o artigo 33 do contrato, van vostedes a publicar os prezos de obra, son distintas segundo as características da vivenda, o Concello publicará uns prezos sobre as obras, algo que lle dea seguridade ao cidadán. Vostedes deciden se o queren facer ou non.

Intervén D. Emilio José dicindo que o seu voto vai ser favorable. Di que neste caso dende o Concello, se hai un orzamento de 2.200 euros obviamente o usuario como é mais cativo e se cumpre coa normativa e todas as medidas que se piden, terá que botar man dese. Unha vez feita esa obra a empresa Aqualia non lle poña trabas soamente porque non fixo ela a obra, o usuario terá que aterse á legalidade vixente,e o Concello terá que ver que se cumpra esa legalidade. Diferenciar ben a iniciativa ou o caso concreto deste veciño, que se actualice o cadro de prezos parécelle correcto.



SECRETARIA

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que van votar a favor da modificación da ordenanza fiscal. O que é certo é que se podái empezar a que remate da mellor forma posible. Di que o que se pide esta ben claro. Dille ao Sr. Torres parece que ten memoria de pez, si é certo que non leu o escrito, que coches de empresas metidos en prazas públicas dille que iso ía dirixido a el, actúa así, as cousas quedan grabadas, é certo que iso non se pode dicir para contestarlle se realmente algún camión del puido facer algo parecido a iso que non é certo.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Germán que non vai entrar nesas cousas. Di que cando fala de algo di que o fundamenta o mellor que pode. Di que el non ten nada que dicir a nivel personal da vida de ninguén, el refírese sempre ao que se di nas mocións non ás persoas. Dille a D^a Katherinie que pregunta se van publicar o cadro de prezos. Di que van votar en contra. O interese dos cidadáns é algo máis importante.

Intervén D^a Katherinie Varela di que queda claro o que solicitan. Di que calquera cousa que diga no pleno é o traballo político que se fai no pleno, sempre é un traballo político que hai que deixar de lado outro tipo. Di que dende o momento que o contrato di que se regulen o prezo desas obras, di que cren oportuno a modificación se inclúan eses prezos relacionados coas obras.

Sometido o asunto a votación a moción presentada, rexeitando por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

6º.-MOCIÓN DO BNG SOBRE MODIFICACIÓNS DE TRANSPORTE PÚBLICO.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias, BNG-Grupo Mixto, e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, do grupo municipal do PP e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez, Esperta Monforte!, Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que se modifiquen os horarios dos percorridos do bus urbano para que ofrezca servizo a todos os puntos do casco urbano.

-Que se estude a posibilidade de implantar o servizo de taxi a demanda para as parroquias do noso Concello.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura a súa moción. Di vai un mes na páxina do Concello aparece nas pantallas non os horarios do bus urbano, se é que son novas estamos para modificalas. No caso de que non se modificaran. Di que o autobús abrangue todo o casco urbano, a xente de Ribasaltas, de Piñeira, do Malvarón debería de ir ao Polígono Industrial, facer unhas rutas. A rúa Manuel Murguía, vive xente, a xente da periferia do extrarradio que teñan as mesmas condicións que a xente de Piñeira e Ribasaltas.



Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que nunca se tratan estes temas coa oposición. O estudo o fixeron vostedes, e seguen as rutas como estaban non se intentou chegar aos colexios, ao polígono, aos polideportivos, di que hai un problema que ten unha difícil solución, é dificilísimo que este servizo público chegue a todos os sitios que di o compañeiro Emilio, pero si que é certo afinar un pouco máis ou ver algunhas posibilidades de chegar ao Polígono, porque esta feito so para persoas maiores. O do servizo de taxi si que é algo que lles parece positivo, estase a falar dun sector que o autobús faille unha competencia.

Intervén D^a Katherinie Varela di que lles parece ben sobre todo o de taxi a demanda. Fala do gremio dos taxistas, sobre todo coa pandemia, realmente o están pasando mal sería unha maneira de axudalos, darlle un servizo aos cidadáns. Xa que temos o bus que chegue a máis puntos. Di que lle comentan que o autobús que non está adaptado para persoas con discapacidade física?

Intervén D. Ibán Torres este equipo de goberno deu un gran paso poñendo en funcionamento un transporte urbano de forma gratuita. Di que o que vostede pide é alterar as condicións do concurso, calquera empresa podería recurrir. Di que eles van cumprir o contrato como fan con todo. Vostede propon chegar a todos os puntos do casco urbano, é unha afirmación un tanto imprecisa, ademais non é posible para dar operatividade e funcionalidade.

Polo que se refire do taxi a demanda, di que cre que esta proposta non é unha idea suficientemente meditada, sería un luxo que non se poden permitir para todas as parroquias, é inviable. Tampouco non din de onde se van quitar os cartos para todo isto. Vostede non pon ningún límite a todo isto porque sabe que é inviable na forma na que o plantea.

Intervén D. Emilio José Sánchez dille que lle recorda a un compañeiro de fútbol o que se lle dicía “ti se ven o balón dalle para riba”, o taxi a demanda, que xestionan os taxis co radiotaxi. Aquí os cartos saen do erario público, que o autobús é posible faise un calendario e non se vai modificar o contrato, incluso o Sr. Alcalde dixo que se ía empezar así e se hai que modifícalo se fara. Di que o autobús está adaptado.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez o que di Emilio cando se presentou este tema o Sr. Alcalde dixo que ían empezar como habían rematado pero que despois o que se ía facer si se estimaba se cambiaría algunhas cousas. O que di o Sr. Torres non é certo, si que se falou da posibilidade, eses 80.000,00 euros que costa anualmente saen de todos, é excelente para os que lle pasa por diante da casa. Calquera cidadán que cos seus impostos paga todo isto pero non é xusto que un cidadán que viva no Malvarón non pase o bus urbano e si pola zona de Ribasaltas. Pero si que é certo se houbera que variar algo na ruta non habería que cambiar o contrato.

Intervén D^a Katherinie Varela di que é unha persoa con sillas de rodas dixo que tiña dificultades de acceder ao autobús. Aмосa o seu voto a favor.



SECRETARIA

Intervén D. Ibán Torres di que vostedes nos concreta algúns sitio que debería chegar o bus, pero a súa proposta di a todos os puntos do casco urbano. Qué puntos? Qué criterios? Di que el non lle da patadas a balones. Di que límites ten esa demanda dos taxis ás parroquias. Vostede di D. Germán que podía chegar a todos os lugares que xornada ten ese autobús para chegar a eses lugares. É discriminatorio que non o usan. Con ese mesmo argumento pagar instalacións deportivas polas maiores que non as utilizan. Isto non é todo para todos, queda moi ben que todos somos iguais, pero logo hai que tomar decisións, tomar unha modificación sobre a base de que chegue a todos os puntos do casco urbano. Vostede aclárame todos os puntos que sistema de aplicación e do taxi a demanda. Algo que chegue a todo o mundo, non hai nada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di o segundo punto pón “que se estude a posibilidade”. Cando fala da modificación dos horarios, o que piden o que er que facer o bus e traer para que a xente poda circular, que un día á semana vaia á estrada de Reigada, as liñas de autobús non van a todas as horas a Lugo, ni para Chantada, di que se son capaces de facer un estudo. Outra cousa unha vez feita esta modificación, hai máis xente que necesita o autobús. Esta é unha medida que ten que chegar a todos os monfortinos. En dez anos costará dez millóns de euros o autobús. Non é algo populista é algo que se pode facer.

Intervén o Sr. Alcalde que en dez anos sería 800.000 euros non chegaría ao millón de euros.

Sometido o asunto a votación a moción presentada, rexeitando por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

7º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 22.11.2020 (3), 23.12.2020 e 30.12.2020 (2)) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

.-Rogo de Esperta Monforte sobre o restablecemento de paso camiño público á beira co Cabe, cortado por propietario de vivenda no lugar próximo a Remuin.

Pleno ordinario 25.01.2021



Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o camiño público que figura no catastro está libre, o que vostede di non figura no Catastro.

.-Pregunta “in voce” de Esperta Monforte .

Iniciáronse as obras das rúas Armando Cotarelo, Abelardo Baanante e Praza Dr. Goianes, van aproveitar as obras para cambiar a tubaxe?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o Plan Especial está en tramitación aínda non está rexistro. Di que eles van cumprir con arranxar a vía pública.

.- Rogo do BNG relativo ao paso de peóns na rúa Manuel María

-Que se pinte e sinalice o cruce peonil, previo informe dos servizos municipais competentes, de cara a garantir a seguridade na referida intersección.

Non habendo máis asuntos a tratar, sendo as vinteunha horas e trinta minutos do expresado día, o Sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e Pr.
O ALCALDE